

Concello de Outes

Expediente núm.: 255/2022

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos: Contratación temporal no marco do Plan de Integración L da Deputación Provincial da Coruña. Anualidade 2022 (PEL-Concellos)

Data de iniciación: 31/03/2022

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL, EXAME DE GALEGO E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Reunidos na Casa do Concello de Outes, o 13 de xuño de 2022, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección de catro prazas de operarios de servizos múltiples, no marco do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña. Anualidade 2022 (PEL-CONCELLOS), os membros do Tribunal cualificador formado por:

Cargo	Identidade
Presidenta	D. Andrés Busto Allo
Secretaria	Dña Juana Pedrosa Leis
Vogal	D ^a Berta Buján Casanova
Vogal	D. Manuel Rama Dosil
Vogal	D. José María García Moas

O acto ten por finalidade levar a cabo dito procedemento de selección. Para elo procédese a:

1) Realizar a proba práctica de coñecemento do galego, segundo o establecido na base 7.C da convocatoria o exame).

Para elo procédese a chamar ós candidatos de xeito individual. Entrégaselle unha copia do exame (xúntase como Anexo a esta Acta). Pídeselles que escriban no mesmo o seu nome e apelidos e DNI e que asinen a autorización correspondente para proceder á gravación do mesmo por tratarse dunha proba oral. Deixáselles un tempo para que o lean e empézase a gravación, durante a cal se fan preguntas relacionadas co exame.

Unha vez finalizada a proba as cualificacións dos candidatos son:

Identidade do Aspirante	CUALIFICACIÓN
1. Gallardo Sanmartín, Jesús Eduardo	APTO
2. Silva Rodríguez, Divina	APTA

2) Proceder á resolución do proceso selectivo. Unha vez realizadas todas as probas establecidas nas bases da convocatoria, 7.A (Fase de concurso) 7.B (Fase de oposición, 7.C (proba práctica coñecemento de galego) e 7.D (permiso de conducir), a puntuación total dos aspirantes , ordenada de maior a menor, é a seguinte:

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

Identidade do Aspirante	7.A	7.B	7.C	7.D	TOTAL
1. Rama Mato, Aleixo Salomón	1,05	19,00	EXENTO	0,50	20,55
2. Lado Martínez, M ^a Dolores	1,05	18,00	EXENTA	0,50	19,55
3. Villar Batalla, Brais	1,05	18,00	EXENTO	0,00	19,05
4. Miranda Brea, Alejandro	0,70	17,50	EXENTO	0,50	18,70
5. García Novo, M ^a Pilar	1,20	16,50	EXENTA	0,50	18,20
6. Silva Rodríguez, Divina	0,00	17,50	APTA	0,50	18,00
7. Gallardo Sanmartín, Jesús Eduardo	0,50	16,00	APTO	0,50	17,00
8. Rúa Nieto, José Antonio	0,00	17,00	EXENTO	0,00	17,00
9. Fernández Rodríguez, Javier	1,05	15,00	EXENTO	0,50	16,55
10. Lestón Otero, Santiago	0,00	16,00	EXENTO	0,50	16,50
11. Formoso Castro, José Antonio	0,50	15,50	EXENTO	0,00	16,00
12. Rodríguez Robles, José Manuel	1,15	12,50	EXENTO	0,50	14,15
13. Leis Arcos, José Benedicto	0,00	13,50	EXENTO	0,50	14,00

3) Propoñer como operarios de servizos múltiples, no marco do Plan de Integración Laboral da Deputación Provincial da Coruña. Anualidade 2022 (PEL-CONCELLOS) aos seguintes aspirantes por seren os catro que mais puntuación obtiveron:

1. Rama Mato, Aleixo Salomón
2. Lado Martínez, M^a Dolores
3. Villar Batalla, Brais
4. Miranda Brea, Alejandro

O Presidenta dá por terminada a reunión ás 11:30 horas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO

Exame lingua galega. Proba oral

Selección de persoal de servizos múltiples dentro do programa PEL-Concellos 2022

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

Nome e apelidos: _____

DNI: _____

1 Benvida

Como te chamas?

A que te dedicas ou que estudos tes?

De onde es? Fálanos un pouco sobre a súa aldea.

2 Le e resume o texto

Viaxar é unha actividade que está moi estendida en todo o mundo. Para algunhas persoas, as viaxes de vacacións son unha necesidade, unha maneira de relaxarse e de desconectar dos horarios fixos e das responsabilidades do traballo ou dos estudos. Deixaron de ser un luxo para uns poucos afortunados. De feito, cada vez son máis populares, debido á existencia de compañías aéreas de baixo custo, viaxes organizadas con todo incluído por prezos accesibles e novos tipos de aloxamento máis económicos.

Tamén é certo que o momento para viaxar non é igual para todo o mundo. Algunhas persoas, por exemplo, pensan que a viaxe de verán é imprescindible e escollen agosto como o mellor mes para as vacacións. Outra xente prefere marchar noutros períodos, cando hai menos turistas e todo está máis tranquilo e barato.

En canto aos destinos, tamén son variados. Moitos galegos din que nos seus plans de vacacións non saen de Galicia porque consideran que aínda non coñecen ben a súa terra. Outros, buscan bo tempo e apostan polos destinos máis clásicos, como as Illas Baleares, as Canarias ou o Mediterráneo. Tamén hai os que escollen os cruceiros ou procuran sitios máis exóticos, como Turquía ou o Caribe.

En fin, o destino escollido vai depender do noso interese por coñecer e descubrir novos lugares e do prezo que vala a viaxe.

Sinatura: _____

